



**RESOLUCIÓN DO 18 DE NOVEMBRO DE 2024, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, DE DOUS POSTO DE CONDUTOR DE INSTALACIÓNS DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE**

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo) regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. En desenvolvemento do citado Decreto ditouse a Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 7 de marzo), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da citada Orde do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,

**RESOLVE**

CONVOCAR, para a súa cobertura polo procedemento de CONCURSO DE MÉRITOS, de dous postos de CONDUTOR DE INSTALACIÓNS DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA da Área Sanitaria da Coruña e Cee, así como aprobar as Bases (Anexo I), as características e funcións do posto convocado (Anexo II), o baremo de méritos (Anexo III) e o modelo de solicitude de participación (Anexo IV), que rexerán na presente convocatoria.

As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan segundo a Orde da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da administración autonómica.

No procedemento de provisión da praza que se convoca resultan de aplicación as normas xerais de procedemento contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das



administracións públicas, as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (B.O.E de 17 de decembro de 2003), no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (D.O.G nº 145, do 29 de xullo) polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (D.O.G nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demais de pertinente aplicación.

Contra a presente Resolución, poderá interperse recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que o día 26 de novembro de 2024 publícase no DOG número 228 o anuncio da presente convocatoria, e procédese a súa publicación na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) e na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

O Director de Recursos Humanos


Javier Fernández Nistal



A Coruña, 18 de novembro de 2024

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Luis Verde Remeseiro





## ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, DE DOUS POSTOS DE CONDUTOR DE INSTALACIÓNS DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

### Primeira. Obxecto e funcións

A presente convocatoria ten por obxecto a provisión, polo procedemento de concurso de méritos, de dous postos de Conductor de Instalacións de Centros de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

As características e funcións do posto convocado son as que se sinalan no Anexo II.

### Segunda. Sistema de selección

A selección do/a aspirante ao posto convocado levarase a cabo, segundo o disposto no artigo 50 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e artigo 20 da Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, polo procedemento de concurso de méritos.

### Terceira. Requisitos dos/as aspirantes

Para seren admitidas no citado procedemento de provisión, as persoas aspirantes deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión o seguintes requisitos, en atención ás funcións a desenvolver, contidas no Anexo II:

- a) Ser persoal estatutario de xestión e servizos, con vínculo de fixeza e situación de servizo activo nalgunha das categorías do subgrupo C2.
- b) Tendo en conta as características e funcións a desenvolver, requírese vínculo de fixeza e servizo activo nas categorías de Calefactor/a, Fontaneiro/a ou Mecánico/a.



#### **Cuarta. Solicitudes e documentación**

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo III, que estará a súa disposición na Oficina do Espazo do profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), debendo achegar ademais xunto coa solicitude:

- 1.- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.
- 2.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisibilidade establecidos na base terceira da Resolución da convocatoria. Esta acreditación deberá efectuarse mediante:
  - 2.1.- Certificación expedida polo Servizo Galego de Saúde de que ostenta a condición de persoal estatutario fixo, en situación de servizo activo, nalgunha das categorías de mecánico/a, calefactor/a, ou fontaneiro
- 3.- Méritos: xunto coa solicitude deberá aportarse a documentación compulsada acreditativa dos méritos alegados.

Os/As aspirantes deberán ter debidamente rexistrados os méritos alegados nos sistema informático Fides/expedient-e e acreditados documentalmente polos profesionais antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os/As participantes non deberán presentar ningunha documentación acreditativa de méritos que xa consten validados na aplicación informática. Non obstante, a administración poderá requirir en calquera momento a achega de documentación complementaria demostrativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

Valoraranse os méritos causados ata o día inmediatamente anterior ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG e que sexan acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.



### **Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación a aportar sinalada na base cuarta, no Rexistro do Hospital Universitario A Coruña (edificio Hotel de Pacientes, As Xubias de Arriba, 84 – 15006 A Coruña), así como a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Será causa de inadmisión no citado procedemento de provisión a presentación extemporánea da solicitude polo interesado.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixesen constar na súa solicitude. O domicilio que figure na mesma considerárase como o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva dos/as candidato/as tanto os erros na consignación do mesmo como a falla de comunicación de calquera cambio de domicilio.

### **Sexta.- Admisión de aspirantes.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano convocante ditará resolución, que se publicará na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional, e na cal se declarará aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión.

Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión.

Para tal efecto, a estimación das ditas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, contra a cal se poderá interpor recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva.



### **Sétima. Resolución**

A convocatoria, previos os informes que se consideren precisos, será resolta polo Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ditando a tal efecto a Resolución correspondente, co nomeamento, de ser o caso, do/a aspirante seleccionado/a, ou ben coa declaración como deserta da convocatoria, se non concorresen aspirantes idóneos para o desempeño do posto convocado.

A Resolución da convocatoria será publicada no Diario Oficial de Galicia.

### **Oitava.-Toma de posesión.**

O/A aspirante seleccionado/a deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no Diario Oficial de Galicia.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición, destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do/a interesado/a, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado/a nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

### **Novena.- Cesamento.**

O/a profesional nomeado/a poderá se cesado/a pola Xerencia por causas sobrevidas, derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da Institución como da falta de capacidade para o desempeño do posto.



O cesamento virá precedido dun procedemento que garanta a audiencia ao interesado, sendo informados os representantes do persoal.

#### Décima.- Normas xerais.

A publicación dos actos e resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase na páxina web do Espazo do profesional e na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es))



## ANEXO II

<b>Denominación do posto</b>	<b>CONDUTOR DE INSTALACIÓNS DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE</b>
Número de vacantes	2
Área funcional	Mantemento de Centros de Atención Primaria
Características:	Os postos convocados encádranse na estrutura da Dirección de Recursos Económicos, con dependencia funcional da Xefatura de Servizo de Mantemento da Área Sanitaria da Coruña e Cee
Funcións do posto	<ul style="list-style-type: none"><li>- Mantemento preventivo, condutivo, técnico legal e correctivo en equipos e instalacións existentes nos centros de saúde da Área Sanitaria da Coruña e Cee, aos que se desprazará en vehículo proporcionado pola Área Sanitaria.</li><li>- Están incluídas dentro das funcións do posto os traballos propios dos oficios de calefactor, fontaneiro e mecánico en centros de saúde:<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Central térmica e rede de acs e calefacción.</li><li>▪ Circuitos de calefacción, valvulería e elementos terminais</li><li>▪ Bombas de calor, caldeiras, termos eléctricos</li><li>▪ Rede de auga fría, salas de bombas, unidades de tratamento</li><li>▪ Carpintería (calquera tipo de xanela, porta, fechadura, portalóns...)</li><li>▪ Central de gases, elementos terminais e redes de distribución. Depósitos de nitróxeno. Substitución de botellas</li><li>▪ Rede de saneamento e baixantes de auga.</li><li>▪ Traballos de vixiancia e control da lexionella segundo os protocolos. Apoio a empresa externa.</li></ul></li><li>- Mantemento e reparación de equipamento e mobiliario existente nos centros de saúde: cadeiras, mesas, bancadas, padiolas, cadeiras de rodas, etc.</li><li>- Reparación e colocación de estores, persianas, cortinas, andeis.</li><li>- Acompañamento, vixiancia e apoio a empresas externas que vaian realizar traballos específicos dentro dos centros de saúde.</li><li>- Control de consumos de auga, gasóleo, gas natural e biomasa.</li><li>- Dentro das súas funcións tamén está incluída a primeira intervención en calquera incidencia que se produza en calquera instalación ou equipo, con mantemento propio ou subcontratado, que teña afectación na seguridade e/ou no normal funcionamento do centro, incluso a asistencia para apertura ou peche do centro.</li></ul>





---

- Verificación do estado do vehículo asignado para o servizo (rodas, pilotos,etc). Orde e limpeza

- Deberá cubrir a información relacionada coa súa actividade a través do programa corporativo de xestión de mantemento existente na área Sanitaria (actualmente, MANSIS), en calquera dos medios facilitados polo servizo: smartphone, pda, tablet, equipo informático de sobremesa,...

- Rexistrarse e documentará no GMAO, despois de cada revisión preventiva ou actuación correctiva, os traballos realizados e estado dos mesmos. Ademais achegarase información dos repostos utilizados.

- Colaborar coa xefatura de mantemento na elaboración de protocolos e a planificación e execución de tarefas propias do servizo.

- Colaborar coa xefatura de mantemento no desenvolvemento de de aquelas actividades delegadas e encomendadas.

- Facilitar a información sobre as actividades realizadas así como as incidencias xurdidas

-Participar nos procesos de avaliación da actividade ou competencias que se establezan para o persoal do servizo ou unidade, cumprimentando os datos ou cuestionarios que resulten precisos para estes efectos.

---

## ANEXO III

### BAREMO DE MÉRITOS

Os méritos valorables, que se computarán ata o días inmediatamente anterior a data de publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia, serán os que se relacionan a continuación:

#### **1. Experiencia profesional como persoal estatutario, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na categoría ou categorías que habilitan para o acceso aos postos de traballo:**

a) Servizos prestados como persoal fixo:

- Na mesma institución sanitaria: 0,25 puntos por mes
- Noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde: 0,2 puntos por mes
- En institucións sanitarias doutros servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde: 0,15 puntos por mes

b) Servizos prestados como persoal temporal:

- Na mesma institución sanitaria: 0,1 puntos por mes
- Noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde: 0,075 puntos por mes
- En institucións sanitarias doutros servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde: 0,05 puntos por mes.

A puntuación máxima que se poderá acadar en este apartado será de 30 puntos.

#### **2 Méritos específicos:**

a) Experiencia profesional:

- Na institución sanitaria: 0,125 puntos por mes (máximo de 10 puntos)
- En postos pertencentes a área funcional en que se integra o posto convocado: 0,125 puntos por mes.
- En postos de xefatura ou dirección: 0,1 puntos por mes

A puntuación por estas tres liñas de experiencia profesional será acumulable



b) Grupo de clasificación: exclusivamente cando, de conformidade co artigo 21, poida acceder ao posto de traballo persoal de diversos grupos de clasificación, primarase a pertenza ao grupo superior con 5 puntos, con asignación de 2,5 puntos pola pertenza, de ser o caso, ao grupo intermedio.

A puntuación máxima que se poderá acadar polo apartado de méritos específicos será de 35 puntos.

### **3- Outras actividades, realizadas nos últimos 7 anos, indicativas de actualización de coñecementos e aptitudes para o desempeño das correspondentes funcións:**

- Formación

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento, convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais, ou avaliados polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

c) Pola asistencia, debidamente xustificada, aos cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións Públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

Por crédito: 0,25 puntos

Por hora: 0,025 puntos

d) Coñecementos da lingua galega:

- Pola realización do curso de iniciación del lingua galega (Nivel Celga 2): 2,5 puntos

- Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega (Nivel Celga 4): 5 puntos

A puntuación máxima que se poderá acadar polo apartado de formación será de 30 puntos.

- Docencia:

Por impartir docencia en cursos convocados e impartidos por unha Administración Pública, sempre que os mesmos teñan un contido directamente relacionado coas funcións propias do posto ao que se porta,

Por crédito: 1 punto

Por horas: 0,1 puntos

A puntuación máxima que se poderá acadar polo apartado de docencia será de 5 puntos.



#### **4. Valoración de dedicación profesional**

Valorarase cunha puntuación adicional de 15 puntos a dedicación exclusiva á institución sanitaria.

O devandito compromiso deberá manifestarse na instancia presentada para participar no proceso.

Xunto coa instancia deberá achegarse a solicitude de percepción do complemento específicos, formulada no model que figura como Anexo V.



### ANEXO IV

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE CONDUTOR DE INSTALACIÓNS DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

DATA DA CONVOCATORIA: 18/11/2024	DATA DOG: 26/11/2024	DOG N.º: 228
----------------------------------	----------------------	--------------

#### DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:		NIF:	
DATA DE NACEMENTO:	DOMICILIO:		
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		

#### DATOS PROFESIONAIS:

VÍNCULO XURÍDICO:	DATA NOMEAMENTO CON PRAZA EN PROPIEDAD:
CATEGORÍA:	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA:
CENTRO DE DESTINO ACTUAL:	

**SOLICITO:** Ser admitido/a á convocatoria de Condutor de instalacións de Centros de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee, para o que se achega a seguinte documentación:

- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados
- Copia compulsada do seu nomeamento como persoal estatutario fixo ou certificación acreditativa de tal condición
- Certificación acreditativa, expedida polo servizo de saúde correspondente, de atoparse en situación de servizo activo con vínculo de fixeza, nalgunha das categorías dos grupos de clasificación A1 ou A2
- Currículo profesional

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asinado